



MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a adquisición da subministración de ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR), cuxa codificación é CPV 16700000-2.

[Deberá realizarse unha descrición polo miúdo dos elementos que se van subministrar, incluíndo unha lista detallada deles.]

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como o establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación que actúa en nome da Corporación, é o Alcalde, sen prexuízo das delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local. O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas para interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de subministración de ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR), será o negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e despois de negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 e 173, f) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O seu valor estimado non supera o límite de 60.000,00 € previsto no artigo



177.2 do TRLCSP.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, xa que se asegurará a concorrencia de candidatos, é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados²⁴ para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á súa actividade contractual, este Concello, publicará na súa páxina web *www.campolameiro.com*, e no perfil do contratante as especificacións desta licitación.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.campolameiro.com.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 49.998,00 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido²⁵ por valor de 10.499,58 euros, o que supón un total de 60.497,58 euros.

O importe aboarase con cargo á aplicación presupostaria 450.609 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato²⁶.

²⁴ Para estes efectos, entenderanse capacitadas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

²⁵ Segundo a Disposición Adicional Décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, as referencias ao Imposto sobre o Valor Engadido deberán entenderse realizadas ao Imposto Xeral Indirecto Canario ou ao Imposto sobre a Producción, os Servizos e a Importación, nos territorios en que rexan estas figuras impositivas.

²⁶ De conformidade co artigo 109.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, no caso de que o financiamento do contrato se realice por achegas de distinta procedencia, deberase acreditar a plena dispoñibilidade das mesmas,



Para a financiación desta subministración consta subvención polo importe de 35.000,00 € da Xunta de Galicia, (Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), a tenor da orde de 14 de xuño 2016.

O Concello de Campo Lameiro aportará a diferenza restante polo importe de 25.497,58 €.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o importe do iva.

O pago das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato aboarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2016. O contrato finalizará coa firma do acta de recepción dos bens subministrados.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

O contrato finalizará coa sinatura da acta de recepción dos bens subministrados.

A data límite de formalización do subministro é do 19 outubro 2016. Non cabe prórroga de prazo.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

determinándose a orde do seu abono. Por exemplo, dispónse de operación de crédito, de subvención con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos.



b) A capacidade de obrar dos empresarios **non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións para contratar** do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**²⁷:

²⁷Establece o apartado quinto de artigo 11 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en concordancia co disposto no artigo 79 bis in fine do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que salvo que nos pregos do contrato sexa establecido de modo expreso a súa esixencia, os candidatos **estarán exentos dos requisitos de acreditación** da solvencia económica e financeira e de acreditación da solvencia técnica e profesional para os contratos de subministración cuxo valor estimado non exceda de 35.000 euros.



3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario deberá acreditarse por dous dos medios seguintes, [a elección do órgano de contratación:

a) *Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.*

b) *Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.*

c) *Patrimonio neto, ou ben cociente entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente].*

Como medio adicional aos previstos nas letras anteriores, o órgano de contratación poderá esixir que o período medio de pago a provedores do empresario, sempre que se trate dunha sociedade que non poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada, non supere o límite que a estes efectos sexa establecido por Orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas tendo en conta a normativa sobre morosidade].

3.2. Nos contratos de subministración, a **solvencia técnica** dos empresarios deberá ser acreditada por dous dos medios seguintes [a elección do órgano de contratación:

a) *Relación das principais subministracións efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*




b) *Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.*

c) *Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.*

d) *Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no que o empresario estea establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.*

e) *Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.*

f) *Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas].*



CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de ofertas e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, plaza de pontevedra nº 1- Alagoa-Campo Lameiro. C.P. 36110, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación para participar.

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos²⁸, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

²⁸ Tal e como establece a disposición adicional décimo quinta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.



Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [*sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro*]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente, ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación da subministración de _____». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: económica e documentación.



Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:


**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA²⁹**

[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE³⁰

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE



D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación **ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR)**, ante _____

²⁹ De conformidade co artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

³⁰ Conforme ao disposto no apartado cuarto do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado primeiro do mesmo artigo sexa substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso, bastará con esta declaración responsable nos contratos de subministración **con valor estimado inferior a 90.000 euros**.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.



DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación da subministración de ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR),

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de subministración consistente en ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR), en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.



En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____»

b) Resgardo acreditativo de constituír a garantía provisional por importe de _____ [até o 3% do orzamento do contrato]. [Téñase en conta que a garantía provisional ten carácter optativo, e será necesario xustificar suficientemente as razóns pola que estima procedente a súa esixencia para este contrato en concreto].

NON SE SOLICITA GARANTÍA PROVISIONAL.----

[SUPOSTO B) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP]

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.

— Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día do cumprimento



das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Os documentos que acrediten a clasificación da empresa, de ser o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se encontra pendente de clasificación, deberase achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para isto, e deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa en materia de contratos para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puider corresponder ao licitador.

SOBRE «B»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. _____, con NIF núm. _____, en representación da entidade _____, con NIF núm. _____, despois de recibir a invitación para a presentación de ofertas e informado das condicións e requisitos que se esixen para adxudicación por



procedemento negociado do contrato de subministración de ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E VIAS MUNICIPAIS (ADQUISICIÓN DUN TRACTOR), fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe 49.998,00 euros e 10.499,58 euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____»

b) Documentos que permitan á mesa de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

[Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.]

CLÁUSULA OITAVA. Garantía provisional³¹

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de _____ *[ata o 3% do orzamento do contrato]*, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

NON SE SOLICITA GARANTÍA PROVISIONAL.

³¹ De conformidade co artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, se se consideran as circunstancias concorrentes en cada contrato, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores a constitución dunha garantía que responda do mantemento das súas ofertas, ata a adxudicación do contrato. Para o licitador que resulte adxudicatario, a garantía responderá tamén do cumprimento das obrigas que lle impón o segundo parágrafo do artigo 151.2.

Cando o órgano de contratación decida esixir unha garantía provisional deberá xustificar suficientemente no expediente as razóns polas que considera procedente a súa esixencia para este concreto contrato.



A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou na caixa ou o establecemento público equivalente das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes antes as que deban ter efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e devolverase aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía reterase ao licitador cuxa proposición sexa seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautarase ás empresas que retiren inxustificadamente a súa oferta antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuxo caso a garantía provisional será cancelada ao mesmo tempo que se constitúe a definitiva.



CLÁUSULA NOVENA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da máis vantaxosa economicamente atenderase a varios aspectos de negociación.

**CRITERIOS BAREMACIÓN ADQUISICIÓN DE TRACTOR..
PARA TER EN CONTA NO PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DAS
OFERTAS PRESENTADAS.**

**1º.-CARACTERISTICAS TÉCNICAS SUPERIORES ÁS PREVISTAS NO PREGO DE
CONDICIÓN.-**

SE VALORARÁ ATA 30 PUNTOS



Deberá presentarse coa proposta, unha valoración económica das melloras das características técnicas superiores que se propoñan, sen ive.

****Se valorará con 30 puntos a proposta que mellores características técnicas formule con respecto de todas ás admitidas.**

Aa demais propostas se valorarán de forma decreciente.

2º.- MELLORA NO PRAZO DE GARANTÍA

SE VALORARÁ ATA 10 PUNTOS.

Por cada dos meses que sobrepase el plazo de garantía mínimo 1 punto hasta el máximo de 10 puntos.

Garantía: Recepcionado o obxecto do contrato se iniciará o prazo de garantía que se fixa en 12 meses.

Si durante o prazo de garantía se acredítase a existencia de vicios, defectos de fabricación o montaxe tanto do vehículo como dos seus equipos adicionais, tendrá dereito o Concello a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou á reparación dos mesmos si fose suficiente, todo elo de conformidade co disposto no artigo 298 do TRLCSP.

O incumprimento destas obrigacións por parte do contratista dará lugar á resolución do contrato, con devolución das cantidades satisfeitas.

3º.-OUTRAS MELLORAS NO EQUIPAMENTO QUE SOBREPASEN AO PROPIO EQUIPAMENTO MÍNIMO ESTABLECIDO.

SE VALORARÁ ATA 40 PUNTOS.

Deberá presentarse coa proposta, unha valoración económica do equipamento a maiores que se propoña, sen ive.

4º.-ATENCIÓN SERVIZO POST-VENTA

SE VALORARÁ ATA 20 PUNTOS.

4.1 Se valorará a máis rápida prestación do servizo -tempo de espera- ea menor distancia a taller autorizado para súa reparación e mantemento.

A) Menor tempo de espera 10 puntos.

B) Menor distancia a taller autorizado 10 puntos.

[(SE É O CASO) CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de contratación]

NON SE ESTABLECE MESA DE CONTRATACIÓN.-

[Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.]



A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, **polo menos, catro vogais**, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- D. _____, que actuará como presidente da mesa.
- D. _____, vogal (secretario da corporación³²).
- D. _____, vogal (interventor da corporación).
- D. _____, vogal.
- D. _____, vogal.
